

MOVENEDA

PLENOS ORDINARIOS 2017

3º Luns de mes impar
as 12:00 h.

CUSTE CORPORACION

Total Lexislatura: **157138€**
Ano actual(2017): 28860€
(INCLUE CONCELLAIS DE MOVENEDA)

ASEMBLEAS MOVENEDA 2017

3º Rolda de asambleas
en Julio

Neda perde poboación



Artigos

Neda perde poboación

ver páxina 3

Barreiras arquitectónicas e mentais

ver páxina 4

Despertares

Ver páxina 7

Apagón telefónico en Neda

Ver páxina 9

Sen solucións para a perda de veciños de Neda. *ver páxina 3*

Reparación Tellado pavillón

Despois de que a fiscalía dixera que non vía indicios de delito para investigar posibles irregularidades na obra realizada, agora o director de obra que nun primeiro momento certificara que estaba todo correcto para que se procedera ao pago da mesma ao contratista, agora 3 anos despois reconece ...

ver páxina 6

Reclamación con ACOUGA

ACOUGA , através de MOVENEDA, fixo chegar a información relativa os vindeiros pasos a dar polos veciños que realizaron as reclamacións pola avería do teléfono no concello,

Aportamos formularios para facilitar os seguintes pasos. Se non o tedes claro ou tedes dúbidas contactade con ACOUGA ou se o preferides con MOVENEDA polo voso medio de comunicación preferido. Os atoparedes na última folla deste boletín.

MOVENEDA

Ingresos de MOVENEDA

INGRESOS	2015-16	2017
grupo municipal		
asignación grupo municipal	4.684,24 €	738,00 €
concelleiros	4.543,24 €	1.167,03 €
	9.227,48 €	1.905,03 €

Total Corporación	2015-16	2017	
	importe	Plenos	importe
Plenos	20253	4	6751
comisiones delegados de área	91323	16	20016
comisiones informativas	9486	10	1860
comision informativa de Urbanismo*	465	0	0
Comisión informativa de cuentas	232,2	1	232,2
euros	121760		28860

PLENOS	euros
alcalde	291
concelleiros(12)	116,4
Total custe do pleno	1687,8
Comisions de Delegados de Área	euros
alcalde	249
concelleiros(6)	167
Total custe por comisión d.a.	1251
Comisions Informativas	euros
1 representante por grupo muni-	46,5
total por comision urbanismo	232,5
total por comision informativa	186

*As comisións informativas asisten 4 concelleiros representando os catro grupos municipais. No caso da comisión de Urbanismo asite tamén o alcalde e por iso o custo é maior.

BOP 200, de 20 octubre de 2015

Gastos de MOVENEDA

DATA	CONCEPTO	Importe
2015-16	Total gastos	1397,96€
05/01/2017	GASTOS IMPR. DEC 2016	50,09 €
07/01/2017	CELEBRACION NADAL 2016 (ESTROBOS)	260,00 €
24/01/2017	FOLIOS (CARLIN)	21,32 €
24/01/2017	ENVIO BOLETÍNS C. URBANO (CORREOS)	32,00 €
30/01/2017	ENVIO BOLETÍNS C. URBANO (CORREOS)	4,20 €
01/02/2017	GASTOS IMPRESORA XAN 2017	74,95 €
02/03/2017	GASTOS IMPRESORA FEB 2017	55,74 €
03/03/2017	AUGAS + PINCHOS ACOUGA CLAUSULAS	84,95 €
03/03/2017	ENVÍO DOC. M. INTERIOR (CORREOS)	5,48 €
22/03/2017	RAMO FUNEBRE (FLORIST. GE-LINES)	80,00 €
27/03/2017	GASTOS LOCAL 1º TRIM 2017	120,00 €
19/04/2017	GASTOS IMPRESORA MAR 2017	53,71 €
06/05/2017	GASTOS IMPRESORA ABR 2017	47,27 €
06/06/2017	GASTOS IMPRESORA MAIO 2017	48,90 €
06/06/2017	GASTOS LOCAL 2º TRIM 2017	120,00 €
06/06/2017	BEBIDAS CHARLA ACOUGA AVERIA TLFN	19,90 €
TOTAL		2.517,29

Estas catro táboas representan o que gasta o concello nos seus concelleiros.

Ademais dende MOVENEDA creemos importante que coñezades como xestiona o noso grupo as contas, non poderíamos facelo doutro xeito, non son os nosos cartos.

As dúas primeiras tablas corresponden ós gastos e ingresos de grupo municipal de MOVENEDA.


MOVENEDA

“Neda perde Poboación”

NEDA PERDE POBOACIÓN PERIGOSAMENTE. !!UNHA SOLUCIÓN XA!!

O problema da perda de poboación é un problema común a toda Galicia. A falla de incentivos reais á natalidade e o saldo migratorio negativo, é dicir, o feito de ter máis emigrantes que marchan foran que inmigrantes que veñan, fai que teñamos unha das poboacións máis avellentadas de Europa.

Neda non queda fora desta tendencia xeral, pero ten características particulares porque no noso concello a perda é continuada dende 1950 e mesmo cando o “bum” da construción naval facía que medrase a poboación dos concellos veciños, mesmo dos que non tiñan asteleiros, como Narón, Neda seguía a perder veciños, pasando dos 9.172 habitantes en 1950 ata os 5.197 no ano pasado.



Se baixamos dos 5.000 habitantes os cartos que o concello recibe do Estado vanse reducir un 40% o cal suporá que teremos menos e peores servizos municipais pagando os mesmos impostos, (ou mantelos pagando máis).

Neda necesita, por tanto, medidas urxentes xa, e para que sexan eficaces necesitan tres requisitos:

1.- Deben saír dun pacto entre todas as forzas políticas e todos os sectores sociais e económicos do concello, para que as medidas acordadas se levan a cabo governe quen governe e non dependan de que cada catro anos poda cambiar o partido que gañe as eleccións.

2.- Deben basearse na atracción de poboación residente, pero sen fomentar a urbanización caótica

nin abandonar as formas de poboación tradicionais.

3.- Deben integrarse nun plan global de desenvolvemento do concello a medio e longo prazo entendendo ao concello como unha parte máis dun espazo urbano máis amplo que abarcaría o conxunto da ría, con necesidades comúns e servizos compartidos.

Os veciños que formamos parte de Moveneda vimos

“Se baixamos dos 5.000 habitantes os cartos que o concello recibe do Estado vanse reducir un 20% ”

de presentar, a través do noso grupo municipal, unha moción que recolle algunhas medidas urxentes neste sentido ao resto das forzas políticas. Non nos importa quen as leve a cabo ou quen se leve os méritos, o que nos importa é que empeceamos a movernos todos xuntos para parar esta tendencia.

Para nós, todas as medidas que se tomen deben de enmarcarse nos seguintes principios xerais:

- Desenvolvemento dun urbanismo de calidade con gran peso dos espazos públicos.
- Normativas de construción que combinen a ausencia de trabas burocráticas coa esixencia en canto a materiais e ó respecto á tradición e ó medio ambiente.
- Medidas fiscais atractivas.
- Protección do comercio local como primeiro, máis próximo e máis importante prestador de servizos ós residentes.
- Fomento da pequena industria, sobre todo vencellada ós sectores do ocio, a construción e o sector agrícola e forestal. Industria que basee a súa rendibilidade na xeración de valor engadido e non na produción.
- Deseño dunha rede atractiva de actividades de lecer que sirva para visibilizar, dar a coñecer o concello e atraer visitantes e residentes.
- Protección dos recursos naturais, históricos e

MOVENEDA

arquitectónicos como elementos imprescindibles para crear una oferta residencial e de lecer atractiva e competitivamente superior a dos concellos veciños.

“Para elo será preciso... un gran acordo de todas as forzas políticas municipais, por riba dos seus intereses particulares ”

Para elo será preciso, como xa dixemos, un gran acordo de todas as forzas políticas municipais, por riba dos seus intereses particulares. Un pacto a longo prazo para poñer en marcha medidas que necesitarán, para ser eficaces, moito máis tempo que o do estreito marxe dunha lexislatura.

Mañá pode saír o goberno municipal a través dos seus medios de comunicación “dóciles” vendendo, como xa ten práctica, ideas de outros como propias, pero é igual: aí estaremos os veciños que formamos Moveneda para felicitalo.

Barreiras arquitectónicas e mentais.

Cando falamos de barreiras arquitectónicas enseguida nos ven á cabeza unha persoa en cadeira de rodas, pero non só se trata disto; tamén hai cantidade de persoas maiores con problemas de mobilidade que verían facilitados en gran medida os seus desprazamentos polas rúas do Concello.

que se acaba de facer na entrada do adro de Santa María, onde algunhas delas deixan bastante que desexar na súa execución, .

Por todo isto exposto, vemos que antes de eliminar as barreiras arquitectónicas, primeiro temos que vencer as nosas barreiras mentais que fan que non vexamos, ou que non nos parezan importantes, cousas que afectan dun modo moi negativo a outras persoas.

Veciñas e veciños, vos invitamos a participar con nós en facer de Neda un concello sen barreiras.

O tripartito que nos goberna (PSOE, BNG e CG), demostran a súa dobre cara e a súa insensibilidade con este tema, xa que hai mais dun ano se aprobou unha partida de 44.000 euros para eliminar barreiras arquitectónicas, e dous meses despois cambian de idea e a reducen a 4.000 euros, usando o resto para pagar a pavimentación de camiños. Demostrémolles entre tod@s que esta é unha partida que NON SE PODE NEGOCIAR, e da que NON SE PODE PRESCINDIR.

Mandade as vosas fotos-denuncia sobre barreiras arquitectónicas á dirección moveneda@gmail.com, indicando a localización da foto.

Con todo o material recollido, faremos un dossier que entregaremos ao Concello, para que destapen os ollos e deixen de estar cegos a esta situación.

“Mandade as vosas fotos-denuncia sobre barreiras arquitectónicas ”



Por isto decidimos apostar por tratar de mellorar a inclusión e a igualdade de tod@s @s veciñ@s de Neda presentando unha iniciativa no pleno do mes de maio de 2016 para eliminar as barreiras arquitectónicas existentes ao longo das aceras e edificacións do Concello, pensabamos que ao ser aprobada por toda a Corporación e dotada con 40.000 € nos orzamentos de 2016, íanse a realizar bastantes actuacións de eliminación nun prazo razoable.

Pero a estas alturas, case un ano despois, a nosa decepción está motivada porque as únicas actuacións que se fixeron foron as das aceras dos arredores dos pasos de peatóns de Abanca, (executadas dun modo moi correcto), no entorno do supermercado do Coto, o mesmo que unha obra

MOVENEDA


Non vos deixedes enganar!!!

Dende o Concello están a dicir que están facendo o traballo de supresión de barreiras. Certo é que algunha están suprimindo, pero resulta paradóxico ver que practicamente o 100 % das ramplas de acceso aos garaxes están ao nivel da estrada, mentres que as ramplas das beirarrúas case todas teñen un realce.

Certo é que a lei marca un máximo de altura, pero si para o acceso de un vehículo a un garaxe se están

a facer ramplas que parten ao ras do chan, por qué os usuarios de cadeiras de rodas ou con dificultades de mobilidade, entre outros, teñen que salvar alturas de 4 cm?

Non nos serven os parches, nin os disfraces mal feitos. Non basta coa intención, hai que poñer os medios para facer deste concello un verdadeiro CONCELLO SEN BARREIRAS.



MOVENEDA

Reparación Tellado pavillón

Despois de que a fiscalía dixera que non vía indicios de delito para investigar posibles irregularidades na obra realizada, agora o director de obra que nun primeiro momento certificara que estaba todo correcto para que se procedera ao pago da mesma ao contratista, agora 3 anos despois reconece:

- Que visitadas as obras, nelas atopamos uns defectos ou deficiencias que puidesen ser atribuíbles ao Contratista adxudicatario das obras.
- Que transcorreu o prazo de garantía desde a recepción das obras referenciadas.
- Ditas deficiencias consisten na aparición de maneira permanente dunhas pingueiras na cume no encontro entre as dúas augas da cuberta.

Entón ao final, e despois de xa ter pagados uns 53.000 €, reparar esta mala execución seguramente terá que asumila o de sempre, é dicir, "Juan Pueblo".



Deixadez e decadencia



Uns exemplos da sensación de abandono e decadencia reinante no Concello ademáis da cantidade de vivendas baleiras e en mal estado de conservación (cando non ruinosas), tamén.

A primeira delas é a das canastas da pista de San Isidro que custou máis de 6 meses no 2015 que se volveran a colocar no seu lugar e agora levan aí tiradas desde a festa de S. Isidro de maio de 2016. Outro exemplo do pouco interese que teñen algúns membros do goberno tripartito en manter o referente ás súas áreas de actuación en bon estado de conservación é a imaxe da canasta do parque da rúa Piñeiros, que leva sen taboleiro hai unha gran cantidade de tempo.

Isto ofrece unha imaxe de abandono e decadencia que entre outras cousas podería influír en que persoas que poideran ter idea de trasladarse ao noso Concello, por estes detalles acabe decantándose por outros do entorno.

MOVENEDA

Despertares. A repentina hiperactividade do goberno tripartito de Neda.

Os veciños de Neda estamos a observar cómo ultimamente o goberno tripartito do PSOE, BNG e CG están a ter unha inusitada actividade despertando despois dun letargo de dous anos no que parecían estar cegos, mudos e xordos. Despóis de deixarse torear polo PP con absoluta pusilanimidade, de traballar ao ralentí e de non ter máis iniciativa que a que xurdía das propostas de Moveneda, de golpe e plumazo pareceron despertar e puxéronse ao chollo. Nunca é tarde para rectificar, e iso é para alegrarse e felicitarnos colectivamente.



Pero isto ten as súas luces as súas sombras. Como nós tamén temos o noso corazónciño e o noso orgullo, comprendemos que, ata certo punto, cada grupo político intente mostrar os seus logros e queira deixar a súa “pegada” nas actuacións que desenvolve. Pero o que non comprendemos é que primen os intereses de partido por riba dos intereses da veciñanza, chegando en algúns casos a desinformar, é dicir, contar mentiras, medias verdades e ocultar a realidade.

Como exemplo, falemos dun caso concreto: as charlas que o PSOE está a dar polas parroquias para falar da crise da polilla da pataca. É de agradecer o esforzo que está a facer o PSOE para facer ditas charlas que, por experiencia propia, sabemos que supoñen esforzo e adicación. Sin embargo, a falta de humildade leva ao PSOE a non contar cun técnico especializado ofrecido pola Xunta para explicar de xeito pormenorizado os problemas tanto técni-

cos, legais e administrativos que poden ter os afectados. E por qué non contar co técnico?: a resposta dada polo PSOE de Neda é: “..e que era un lío...”. A razón exposta é breve e clara, pero simplona e reprochable, xa que está poñendo por riba da obxectividade da información o interese propagandístico do seu grupo político, e denota soberbia e imprudencia clara, sobre todo ao tratarse dun tema que afecta gravemente a economía de moitas familias de Neda.

Cando hai uns anos un grupo de veciños decidimos complicarnos a vida creando Moveneda para darlle outro matiz menos rancio á política municipal, pensamos que algo fundamental que tiñamos que facer era informar ao resto dos veciños, reunímonos con eles, escoitalos e servir de portavoz das súas propostas e das súas necesidades. E facer isto non como ferramenta de marketing cando se acercan as eleccións, senón como eixo fundamental do concepto que temos do que debe ser a política, que consiste na participación dos veciños nas decisións que lles afectan colectivamente; porque iso é o que significa literalmente “democracia” (nunca nada tan obvio foi tan difícil de entender por algúns).

“Priman os intereses de partido por riba dos intereses da veciñanza”

Para elo, para fomentar a participación da veciñanza, facemos varias cousas:

1.- Pateamos rúas e rueiros día sí e día tamén, falando cos veciños e mirando o que se necesita mellorar, tendo os oídos e os ollos abertos non para vender favores a cambio de votos (para iso estaríamos mellor noutras forzas políticas onde o “favor” se cotiza mellor), senón para axudar á veciñanza e ao concello.

M OVENEDA

2.- Creamos un boletín pagado cos nosos cartos e repartido por nos mesmos para informar do que ninguén informa e onde calquera pode escribir, xa sexa para denunciar, criticar, felicitar ou simplemente informar. Non é unha folla parroquial e non necesitamos unha empresa redactora contratada cos cartos

“non necesitamos unha empresa redactora contratada cos cartos do concello (como está a facer o grupo de goberno), xa que temos as ideas claras e ninguén ten por qué falar por nós”

do concello (como está a facer o grupo de goberno), xa que temos as ideas claras e ninguén ten por qué falar por nós.

3.- Facemos reunións periódicas cos veciños cos mesmos obxectivos.

4.- Presentamos unha regulación das asembleas cidadás no proxecto de regulamento de participación cidadá para que as propostas dos veciños non se fagan nunha especie de “audiencia feudal” como ata agora se viña facendo, senon nun espazo libre, aberto, claro e ben definido.

E agora observamos cómo nestes derradeiros dous anos, o PSOE está aprendendo que non se

pode gobernar sen contar coa veciñanza. Aínda así ten moito que aprender, xa que está a dar paos de cego na forma de facelo. E por qué dicimos isto?: como sabedes (e si non o sabedes volo contamos agora), as charlas 3 en 1 que da o PSOE son así: falan da crise da polilla da pataca como PSOE, e segundos despois falan dos orzamentos do concello asumindo o papel de goberno, e por último volven a asumir o seu rol de PSOE para falar da vespa velutina... en fin... unha esquizofrenia que esperemos non lle altere a perspectiva.

En resumidas contas, facémoste unha pregunta: **ALGUÉN TE PREGUNTOU A TÚA OPINIÓN SOBRE OS ORZAMENTOS DO CONCELLO?**

E outra pregunta: COÑECES QUÉ CARTOS TEN PENSADO USAR O CONCELLO PARA A TÚA PARROQUIA E TE PREGUNTARON CÓMO REPARTILOS?

Estamos vendo cómo o PSOE, ao igual que o PP no seu momento, está empezando a casa polo tellado. De todos xeitos, esperamos que non faga coas suxestións dos veciños o mesmo que leva facendo nestes 2 últimos anos coas aportacións de MOVENEDA (e polo tanto, coas vosas aportacións): “terémolo en conta...”, pero ao final....NADA.

Qué significa estar na oposición nun concello?

Significa facer unha labor de vixilancia das actuacións que fan os que nos gobernan.

Significa pedir e recibir información ao grupo de goberno, de todo o que poida ser de interese para a veciñanza.

Significa facer unha labor construtiva sendo portavoces das ideas e propostas que fan chegar os veciños e que se consideran beneficiosas para a colectividade.

Nembargantes, qué significa estar na oposición en Neda?

Significa que desde que os concelleiros piden información ao grupo de goberno, pasan como mínimo máis de 100 días ata que che dan a información e, nalgúns casos, nin sequera iso, simplemente non cha dan.

Significa que as ideas e propostas que se aportan, independentemente de que sexan aceptadas ou no, simplemente non se fan.

MOVENEDA

Significa que todas as suxestións que se aportan dende a oposición son consideradas un ataque persoal, polo que acaban chamándote “populista”, ou “que no concretas las aportaciones”.

Estimados compañeiros e compañeiras do PSOE-CG e BNG, así non imos a ningures. Simplemente con este xeito de actuar, o que estamos constatando é que sodes A OPOSICIÓN DA OPOSICIÓN.

Non creedes que sería mellor que destinarades os vosos esforzos a traballar conxuntamente e a

aceptar a axuda que se vos ofrece en vez de andar constantemente esquivando o que percibides como ataques?.

“...compañeiros e compañeiras do PSOE-CX-BNG....sodes a oposición da oposición”

O PROBLEMA DO “APAGÓN” TELEFÓNICO EN NEDA



Como todos saberedes moitos veciños do concello levan dúas semanas sen teléfono fixo. Cando contratamos un servizo cunha empresa firmamos un compromiso mutuo polo cal a empresa comprométese a prestar o servizo e nós

“...iso é cousa dunha empresa privada e que nada se pode facer”

comprometémonos a pagar unha cantidade estipulada ao mes. Se non pagamos a empresa nos botará a xustiza enriba e mesmo nos poden embargar para pagar a débeda. Pero qué ocorre se é a empresa a que non cumpre? Achantamos e calamós? Aceptamos que nos fagan unha rebaixiña no seguinte recibo, cando nos deixaron de prestar un servizo que nos serve para comunicarnos, por exemplo, cos servizos sanitarios, co banco, coa nosa familia en caso de urxencia?

M V E N E D A

Cando temos un problema deste tipo o primeiro que se nos ocorre é recorrer ao noso concello, a aqueles que eliximos para que defenderan os nosos dereitos e foran a nosa voz máis alá do que nós podemos chegar. Qué pasa se eses que gobernan o concello nos din que iso é cousa dunha empresa privada e que nada se pode facer? Buscamos quén nos poda solucionar o problema... ou, no peor dos casos, calamos e achantamos. Por sorte en Neda hai dous anos os veciños nos organizamos e creamos Moveneda. Moitos veciños recorreron a nós cando no concello lles deron as costas. Moveneda mirou de buscar unha solución. Non unha compondenda para quedar ben, senón unha solución real que fixera que a empresa que incumpriu o contrato subscrito cos seus clientes tivera que agachar a cabeza e compensar aos afectados. Para iso contactamos cunha asociación de defensa dos consumidores e organizamos un mecanismo de reclamación colectivo. Sorprendentemente nese momento o concello e o seu alcalde recúan e aparecen nos medios de comunicación como os adalides dos veciños. Pero a realidade é que se Moveneda non se tivera movido o concello seguiría calado. Todo o mecanismo de reclamación foi posto en marcha por Moveneda. Os funcionarios municipais o único que teñen que facer é o que lle marca a lei que implementa a ventanilla única: recoller os formularios de reclamación que a asociación de consumidores Acouga redactou e Moveneda puxo a disposición dos veciños e remitílos á Xunta. Punto.

Nos encantaría que fora o Concello que tomara a iniciativa, pero non foi así. O Concello, coma sempre, vai ao rebufo do que Moveneda fai.

Seguramente os de Moveneda hai cousas que facemos mal, seguramente non damos, moitas veces coa solución axeitada, pero somos veciños coma ti, non recibimos consignas nen instrucións de ningún, e se hai algo que

piensas que non facemos da mellor maneira... pois ven ás reunións que decidimos ás nosas actuacións e dínolo. Ti podes participar nas nosas decisións igual que todos. A decisión de actuar fronte ao incumprimento de contrato das empresas de telefonía decidímolos entre todos nunha asemblea aberta á que todo o mundo está convidado. Aquí no hai militancia nin consigas, todos somos libres de dicir e propoñer o que queiramos, e se nos equivocamos nos equivocamos todos. Pero se militas nun partido... mellor non veñas. A túa capacidade de pensar libremente está moi limitada. Mellor queda na casa esperando instrucións.

[
"...Ti podes participar nas nosas decisións
igual que todos..."
]

Nós non temos periódicos que nos publiquen notas de prensa, nin televisións que nos entrevisten unha semana sí e outra tamén, nin podemos contratar empresas que nos fagan boletíns pagados cos cartos de todos para facer propaganda, pero temos pernas para patear o concello e ver as cousas, para repartir a nosa información, mans para redactar mocións, queixas e comunicados, oídos para oír o que a xente nos ten que dicir, para escoitar ao que se sinte privado dos seus dereitos, temos cabeza para pensar solucións aos problemas que nos contan e corazón e forza dabondo para tirar para adiante cando os demais só buscan botar balóns fora.

Esperamos que a solución que ideamos para o problema do corte do teléfono sexa satisfactoria para todos. Outros, nunha dimensión paralela, seguirán pensando qué é o que fixeron mal.

MOVENEDA

Actividade do grupo municipal MOVENEDA

Neste apartado describiremos as actuacións mais destables del Grupo Municipal MOVENEDA no seu traballo no concello co propósito de que coñezades as nosas iniciativas e tamén de que propoñades novas.

2016_03_16_Moción Modificación Ordenanza que regula as queimas na zona urbana.

2016_06_01_Aportacións á nova ordenanza de residuos que se atopa en estudio.

2016_07_05_Moción cumprimento Lei Memoria Histórica

2016_07_28_Solicitud información sobre valoración madeira subastada monte de Ancos.

2016-09-28_Solicitud informes Intervención crédito 580.000 € formalizado co BBVA no ano 2008 no mandato de Cabezón..

2016_09_28_Solicitud valado urxente matadoiro do Basteiro polo risco de derrubo.

2016_09_20_Moción contra o tratado de comercio TTIP

2016_09_29_Solicitud regulación servizo información WhatsApp do Concello.

2016_10_20_Solicitud de instalación Circuito bicis PumpTrak.

2016_11_29_Propostas Regulamento Participación Cidadá.

2016_11_11_Moción mellora seguridade e iluminación estrada Viladonelle AC121.

2016_11_27_Solicitud informe Servizos técnicos Pasarela río Beelle dos Subarreiros.

2016_12_14_Solicitud informe Servizos Técnicos eliminación barreiras arquitectónicas.

2017_02_02_Solicitud informes Servizos Técnicos reparación tellado pavillón.

2017_02_27_Solicitud limpeza fincas administracións públicas (Entrada autopista / Depósitos auga Os Pazos).

2017_02_27_Solicitud retirada árbore inmediacións túnel Liñares.

2017_03_16_Moción para cobrarlle ás empresas eléctricas por paso de líneas e ocupación solo.

2017-03-16_Moción medidas fomento empadramento.

2017_03_29_Loita contra a vespa velutina. Realización de talleres nos Centros de ensino para a construción de trampas.



MOVENEDA

Puntos negros en Neda, o civismo da xente ...

Continuamos a demandar polos cauces oportunos o arranxo do noso concellos. Mandade as vosas foto denuncias.

Subindo a viladonelle,

Punto kilométrico Ac- 121 km 13

Subindo San isidro,

Hacia los depósitos de agua.



Participa na edición do boletín

O boletín quere ser unha ferramenta dos veciños e para os veciños, estamos desexosos de que o fagades voso. Nel trataremos de informarvos do que acontece no concello de un modo mais cercano, tanto que nos encantaría que colaborasedes, ánimo!!

O boletín Trataremos de distribuílo polo municipio na medida das nosas posibilidades. Se queredes recibilo no domicilio ou correo electrónico, solicitadeo indicandonos a dirección postal, e sempre que teñamos posibles, farémolo.

Se queres colaborar no boletín de MOVENEDA ou poñerte en contacto con nós para outros asuntos, podes facelo por calquera dos medios indicados a continuación:



<https://www.facebook.com/moveneda>



moveneda@gmail.com



Buzón **MOVENEDA**, Concello de Neda

Av. de Algeciras, 34 CP:15510 Neda, A Coruña



634 52 16 22